



María A. González Encinar (Agosto de 2007)

É para min un honor e un motivo de profundo orgullo ser a pregoeira das festas patronais de Monforte 2007. Agradézolle a Severino, o noso alcalde, e ao conxunto da corporación municipal esta invitación para dirixirme a vos nesta noite tan especial. Dubido moito que os meus méritos xustifiquen dito honor: ter a posibilidade, sequera por un momento de ser a voz de todo un pobo que esta noite resoa no vento. E teño que dicir que facer de voceira resúltame moito máis difícil que dar unha clase na universidade. Nas que, aínda que o que conte sexa mortalmente aburrido, os que asisten non teñen máis remedio que escoltarme.

O primeiro que vén á miña cabeza á hora de pensar neste saúdo, son as miñas vivencias, os meus sentimentos, cara Monforte, as miñas experiencias, porque, ademais, entendo que é algo que temos en común moitos dos que hoxe estamos aquí, e no que nos identificamos.

E debo recoñecer que subscribo literalmente o que xa expresou Carlos Martínez Buján Pérez no seu pregón do 2003. "Ao botar a vista atrás e facer un rápido



percorrido pola nenez e a adolescencia, sentín a emoción da vida intensamente vivida, a ubicuidade do neno que se cría na rúa e que foi feliz en contacto cos seus concidadáns; sensación característica de todo monfortino”.

Compartiredes comigo que a nenez é a etapa da nosa vida que xenera os recordos máis vivos e permanentes. As miñas primeiras amigas, que o son aínda hoxe, os xogos da infancia, as vivencias deses tempos ocupan un espazo preferente nos meus recordos e, sen dúbida, condicionaron o meu carácter e as miñas actitudes.

No Monforte dos meus primeiros anos mesturábase unha sociedade xa urbana e unha sociedade rural. Esta sociedade rural manifestábase ante os meus ollos sobre todo a través da presenza dos animais.

Crieime na rúa do Comercio e desde a ventá da miña casa vía os Cantóns, hoxe praza do Doutor Goyanes. Alí, cada día, as leiteiras ataban os burros que portaban nos seus lombos os cántaros de leite que distribuían polos fogares. Miña nai sempre me dicía que eu criárame con leite de vaca, pero dunha vaca soa, sublinaba. Aínda que hei de dicir que non tiveron o pracer de coñecer a esta vaca, un animal ao que estarei sempre moi agradecida. Todos os días seis, dezaseis, vinte e catro e trinta de



cada mes, e posto que o campo da feira estaba na *Compañía*, pola moi urbana rúa do Cardeal pasaban e paseaban coas súas mellores galas unhas cantas vacas e, de vez en pouco, unha señora ou un señor guiaba un porco rumbo a ese feiral, empeño que eu atopaba verdadeiramente difícil. Tanto me abraiaban estas imaxes que o meu primeiro traballo de investigación foi acerca das feiras de Monforte de Lemos, que eran por aquel entón tamén como unha festa, porque o pobo enchíase de xente, porque comíamos o inigualable pulpo, que en ningún outro sitio sabe como aquí. E fiando de gastronomía, teño que confesarvos unha intimidade. Tal era e segue a ser a miña debilidade polo que para min é o bocado máis exquisito de Monforte e de todo o mundo, que cando rematei a carreira o meu pai recibíame cunha empanada na que se podía ler "por ser licenciada te espera esta empanada".

A maxestuosidade dos monumentos históricos é outro dos signos que dende nena marcan unha impronta indeleble na miña sensibilidade cara a arte e a arquitectura. Como si dunha fórmula de respecto a este pasado se tratara, na cada vez máis moderna e dinámica cidade de Monforte, nos accesos ao monte de San Vicente, as rúas non estaban asfaltadas aínda, como a Calleja, pola que eu ía ao colexio, e por



elas corría o alcantarillado a caño aberto. Esta imaxe, sen embarco, non era a dunha cidade atrasada, senón a de todas as cidades vítimas daquela España sen liberdades e, por tanto, de aqueles concellos non democráticos.

Por fortuna, nese sentido, o Monforte actual é diferente. Esta cidade é hoxe expresión dun compromiso, dunha aposta común, non só daqueles que nos representan senón de todos os veciños. Porque, aínda que todos temos a nosa casa, que é o fogar privado, entre todos nós conformamos Monforte, que é o noso fogar público.

Pero estoume a poñer moi serio, e pregoar é sinónimo de anunciar, difundir, notificar a boa nova de festas e ledicia. Estes son días entrañables nos que practicamente ninguén falta á cita. É o momento de dar unha aperta a eses amigos que vemos de ano en ano, e é o momento de bailar, de cantar e de divertirse. De tomar parte na variada oferta de música, espectáculos, fogos artificiais, verbenas, deportes e xogos que para todos os públicos organizanse nestes días. É xa que estou a falar do programa, permítome facer unha recomendación pública para o ano que ven. É que os textos que o acompañan sexan tamén para todos os públicos. É dicir, que se editen cunha letra maior xa que os que temos presbicia tivemos dificultades



para ellos. Aínda que o final sempre hai alguén que cho conta, e é que unhas festas non son posibles sen xente que as disfrute, e como todos sabemos, a alta participación é unha característica propia das nosas patronais.

Sen embargo, non quero deixar pasar esta oportunidade de dirixirme publicamente aos meus conveciños e amigos, sen ampliar esta chamada á festa con outra invitación.

Gustaríame deixar hoxe unha mensaxe que vos animara a manter e incluso incrementar ese compromiso polo futuro común ao que antes me refería. Este non só se expresa nas datas electorais, cando exercemos o noso dereito de voto, senón tamén no día a día, xa sexa na crítica constructiva ou na necesaria loubanza ás cousas ben feitas, para motivar e reforzar aos nosos representantes políticos.

Neste empeño gustaríame involucrar especialmente ás mulleres. É evidente que camiñamos cara unha sociedade na que cada vez máis o noso papel será máis importante. Non porque sexa o politicamente correcto, senón porque a miña experiencia permíteme dicir que nada funciona se non anda a cabeza dunha muller metida de por medio. E así se pon de manifesto claramente neste Monforte.

Un Monforte moderno e aberto, no que hoxe convócase ás festas a todos os nados



del, ou chegados ata aquí, ou simplemente namorados da súa hospitalidade. Todos sabemos que, dende fai algúns anos, acompañánnos ademais xentes que viñeron dende moi lonxe buscando na nosa sociedade o traballo e o progreso que os seus países, hoxe en día, non poden ofrecerlles. Galicia foi terra de emigración e debe ser, polo tanto, especialmente sensible a esta realidade. O futuro é multicultural. Este moderno termo non expresa senón unha realidade antiga, que xa transmitía Heródoto, segundo escribe Kapuscinski. Aquel que foi o pai da xeografía e da historia dende a Grecia clásica xa afirmaba que o mundo é un tecido vivo, palpitante, no que nada ven dado nin definido dunha vez para sempre, senón que non cesa de se transformar, de cambiar, de crear novas relacións e novos contextos.

Pero non perdamos nin un minuto máis e volvamos ao noso obxectivo máis inmediato.

Queridos veciños: os nosos músicos, dispostos; nos nosos nenos, unha mirada de ilusión; nas nosas familias, o gozo de estar xuntos. Todo está a punto. Como voceira destas festas convidovos de novo a que as disfrutedes. E a que compartades unha contenteira. Que brindemos por un futuro mellor e tamén por un pasado e unha cultura que non debemos esquecer. Brindemos para demostrar que esta cidade,



ademais de ser inmortal, está chea de vida.

Moitas grazas a todos.

Foi unha grande honra ler este pregón.

Felices festas.

Monforte, oito de agosto de 2007

María A. González Encinar